



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CPI Ponte Carreira

Rúa do Ensino s/n 15686 Gafoi – Frades

Tfnos: 881880671 – 881880672

cpi.ponte.carreira@edu.xunta.es



CPI PONTE CARREIRA
FRADES

Data: 30/03/2020

Registro de saída nº: 20/072

AXUDAS COMEDOR ESCOLAR XESTIÓN DIRECTA. CORONAVIRUS: COVID-19

ORDE do 27 de marzo de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas de carácter directo ás familias do alumnado beneficiario de bolsas de comedor escolar nos centros públicos non universitarios xestionados por esta consellería durante a situación de suspensión do servizo de comedor como consecuencia do COVID-19, co levantamento dos prazos de suspensión do procedemento (código de procedemento ED601B).

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2020/20200330/AnuncioG0534-270320-0001_gl.html

1. A que persoas vai dirixido?

As familias con un ou mais fillos escolarizados en centros públicos xestionados pola Consellería que teñan a condición de comensais **gratuitos** ou **pagadores de 1 euro** nas relacións de comensais correspondentes ao **31 de xaneiro de 2020**.

2. En que consiste a axuda?

As axudas económicas previstas consisten nunha compensación do custo diario do menú por comensal, e por día lectivo de suspensión da prestación do servizo como consecuencia das medidas adoptadas pola pandemia do COVID-19.

3. Que axuda se vai percibir?

2,50 € por día no caso de alumnado con gratuidade total.

1,50 € por día para o alumnado que paga 1€.

4. Que días cubre esta axuda?

Os días lectivos que por mor de se ter decretada a suspensión das clases non houbo servizo de comedor.

Contéplase, de ser necesaria, unha posible prórroga ata o 1 de maio, para a que se calculan 14 días lectivos.

5. Como se vai pagar?

En dous pagamentos:

1º pagamento: polo período de marzo e o de abril ata semana santa (3 abril).

2º pagamento: polo período correspondente dunha posible prórroga ata o 1 de maio



6. Prazo de presentación.

Prazo: dende o día 31 de marzo o 6 de abril, ambos inclusive.

7. Como presentar a solicitude

Presentarase obrigatoriamente por medios electrónicos de calquera das seguintes maneiras.

1. A maneira mais áxil é recomendable é a través do **formulario normalizado** dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

Para elo é necesario ter certificado dixital, ou a chave 365.

2. Se vostede non ten a posibilidade de realizalo a través de <https://sede.xunta.gal>, debe poñerse en contacto co centro enviando un correo electrónico á seguinte dirección cpi.ponte.carreira@edu.xunta.es cos seguintes datos:

DNI do pai ou nai:

Pagamento: gratuidade total 1€

Nome do alumno/a:

Nome do pai/nai:

Número de conta bancaria:

Teléfono de contacto:

Moi importante!!!!!!: cada familia presentará unha única solicitude, na que incluírá á totalidade dos fillos.

8. Publicítase a resolución das familias beneficiadas?

NON, porque son datos de especial vulnerabilidade.

Cada familia saberá si é beneficiaria cando lle ingresen os cartos na conta bancaria.

9. Resolución e pagamento

O tempo máximo para resolver será de **10 días** dende que remate o prazo para presentar a solicitude.

Unha vez feita a resolución o prazo máximo para realizar o **pagamento** é de **5 días**.